


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 28/10/2021 14:36:42
SAIDA 16760/21




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 0127/2021

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do do artigo 28 dá Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 27 de xullo de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a seguir, a Comisión da Transparencia en sesión celebrada o 26 de outubro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 27 de xullo de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso ante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, á información dos proxectos de enerxía eólica que están en fase de tramitación e ás novas solicitudes.

O reclamante indicaba que solicitou acceder á base de datos que conforma o "Rexistro Eólico de Galicia" a fin de poder acceder a toda a información referida aos proxectos de enerxía eólica en fase de tramitación e as novas solicitudes, xa que a citada información non se recolle non Diario Oficial de Galicia ata que os citados proxectos son sometidos a información pública, sen que obtivese resposta, pasados mais de 30 días da petición.

O escrito veu acompañado de copia da solicitude de acceso a información presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 2 de setembro de 2021, déuselle traslado da documentación presentada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data de 23 de setembro de 2021, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais dependente da dita Vicepresidencia Segunda, contesta a petición remitindo informe.

A Dirección Xeral información informa que a solicitude de acceso foi tramitada, ditándose Resolución con data do 17 de setembro de 2021, pola que se inadmite a mesma, ao entender que concorren dúas das causas de inadmisión que contempla o artigo 18 da Lei 19/2013, dado que a información solicitada está en curso de publicación xeral, ademais de tratarse dunha solicitude que pode ser considerada abusiva non xustificada coa finalidade da Lei.

Fai constar que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia o 27 de xullo de 2021 e no órgano competente para resolver (a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais) o 3 de agosto de 2021, polo que, de conformidade co disposto nos artigos 20 da Lei 19/2013 e 27.4 da Lei 1/2016, a data a partir da cal poderíase ter interposto unha reclamación ante a Comisión da Transparencia sería o 3 de setembro de 2021, polo que sen prexuízo de que a solicitude xa foi obxecto de resolución expresa, dado que a reclamación foi presentada o 31 de agosto de 2021, antes de que vencese o prazo máximo para resolver deste órgano, considera que debería inadmitirse por extemporánea.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, consonte o disposto no artigo 33, a resolución das estas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013, que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación



dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

No presente caso, tal e como consta no selo do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, o interesado presentou a súa solicitude de acceso á información o 27 de xullo de 2021, tendo entrada no órgano competente para resolver (Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais) o 2 de agosto de 2021 segundo figura na copia do expediente administrativo remitido, e a reclamación ante a falta de contestación á dita solicitude a presentou o interesado no Rexistro do Valedor do Pobo o 31 de agosto de 2021.

De acordo co anterior, non transcorreu o prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, desde a recepción da solicitude pola Dirección Xeral competente para resolver, ata a interposición da reclamación polo interesado.

Os efectos da presentación da reclamación fóra de prazo, de conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 39/2015, obrigan non só ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, senón tamén aos interesados nos mesmos. Nas reclamacións potestativas ante a Comisión de Transparencia de Galicia, debido a que teñen por obxecto a revisión dun acto administrativo, de acordo co disposto no artigo 116 d) da Lei 39/2015, é causa de inadmisión non ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso, sendo esta disposición plenamente aplicable a esta reclamación, de conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei 19/2013, que establece que a tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na normativa en materia de procedemento administrativo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, e en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia en sesión do 30 de maio de 2017 (DOG nº 136, do 18 de xullo de 2017),

ACORDO

Único: Inadmitir, por extemporánea, a reclamación presentada por ██████████ con data do 31 de agosto de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso ante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, á información dos proxectos de enerxía eólica que están en fase de tramitación e ás novas solicitudes.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.10.28 12:24:36 +02'00'

Maria Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia